

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a influencia da pandemia do virus COVID-19 (Coronavirus) na poboación, e a situación de risco para a saúde pública, e atendendo ás recomendacións das autoridades sanitarias, e de conformidade do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local,

RESOLVO

PRIMERO. Adoptar as medidas que se describen a continuación a consecuencia dos seguintes feitos: PANDEMIA DE VIRUS COVID-19 (Coronavirus) que supoñen unha situación de RISCO SANITARIO XERAL.

- Peche das instalacións municipais que se relacionan de seguido, entre os días 13 e 29 de marzo de 2020:
- Pavillóns de deportes de Forcarei e Soutelo de Montes
- Circuito de Karting de A Madalena
- Biblioteca de Soutelo de Montes
- Casa de Xuventude de Forcarei
- Centro Social (Zona de actividades)
- Auditorio de Soutelo de Montes
- Pista de Pádel de Forcarei
- Campo de Fútbol Municipal de Forcarei
- Casas Escolas Municipais en tódolos lugares do Concello
- Calquera outro edificio municipal no que se realicen actividades.

SEGUNDO. A atención ao público nas dependencias municipais limitarase só á casos de extrema necesidade.

As xestións poderán realizarse por teléfono (986755036 / 986755432) ou ben a través da sede electrónica do Concello (<https://forcarei.sedelectronica.gal>).

Habilitase o teletraballo para os/as empregados/as municipais a partir do lúns 16 de marzo, nos casos nos que sexa posible, con presenza no Concello de xeito limitado, por quendas para os servizos imprescindibles no Rexistro Xeral, e en Servizos Sociais, entre as 9,00 e as 14,00 horas.

O Servizo de Axuda no Fogar (S.A.F.) e os operarios de servizos municipais manterán o seu funcionamento normal.

TERCEIRO. Facer as seguintes recomendacións, sin perxuízo da súa modificación en función da evolución da situación e as recomendacións ou disposicións que no seu caso de ditén polas autoridades competentes:

- Que as asociacións e outros colectivos veciñais eviten aglomeracións durante os vindeiros días, condicionado á evolución da enfermidade.
- Non facer viaxes e desprazamentos que non se consideren imprescindibles, evitando a toda costa a zonas de máxima concentración do virus.
- Non visitar centros de maiores, hospitais e centros médicos, a excepción de casos de extrema necesidade.
- Lavar, con frecuencia, as máns e a cara con auga e xabón, e evitar o contacto físico con outras persoas.
- Seguir as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade, pola Consellería de Sanidade e pola Deputación Provincial e, no caso de ter algún síntoma, contactar co 061 ou co 900400116.

CUARTO. Cancelar a celebración da feira mensual de Soutelo de Montes, prevista para o vindeiro día 25 de marzo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE SEGÚN OS DATOS QUE FIGURAN NA MARXE

